

A palabra de hoxe é

Martelo

MARTELO

O martelo en deporte é unha bóla de metal provista dun cabo de aceiro para podela agarrar, que se intenta lanzar o máis lonxe posible. O lanzamento de martelo é unha das probas de atletismo.



A palabra de hoxe é

Ximnasta

XIMNASTA

Un ou unha ximnasta é a
persoa que practica o deporte
da ximnasia. Neste deporte
realízanse secuencias de
exercicios que requiren forza,
flexibilidade, axilidade e
elegancia. Nos xogos olímpicos
hai catro disciplinas de
ximnasia: artística, rítmica, en
trampolín e Parkour.



A palabra de hoxe é

Kaiak

KAIAK

O kaiak é unha embarcación semellante á dos esquimós na que os tripulantes, sentados, utilizan remos de dúas pas. Dirixen o rumbo cun timón que manexan cos pés. O kaiak utilízase en piragüismo.



A palabra de hoxe é

Baloncesto

BALONCESTO

O baloncesto é un deporte en que participan dous equipos de cinco xogadores, que consiste en xogar un balón coas mans para tratar de introducilo na canastra do equipo contrario.

